

## NOTA DE PRENSA

### **A tradicional romaría de Neixón celebrarase o vindeiro domingo día 9 de agosto**

**Boiro, luns 27 de xullo de 2009.** A tradicional romaría de Neixón, que chega este ano á súa edición número 31, celebrarase neste lugar da parroquia boirense de Cespón o vindeiro domingo día 9 de agosto. O programa é o seguinte:

Alboradas con foguetes e gaitas

11.30 horas. Saída da igrexa coa procesión por Quinteiro e Nine.

12.30 horas. Misa cantada na honra da Virxe do Carme e San Xosé, pola Coral Polifónica do Liceo Marítimo Rianxeiro.

A continuación, mexilloada e sardiñada gratuítas, amenizadas polos grupos de gaitas *Os da volta do monte*, *Aloumiño*, *Cernade do Castro* de Fruíme e *Arume*, de Boiro. Tamén haberá charangas e bailes rexionais.

14.00 horas. Sesión vermouthe a cargo da orquestra *Jerusalén*.

Comida campestre.

21.30 horas. Verbena a cargo da orquestra *Jerusalén*.

**Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro**